

Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción: "Adecuación do noiro p.q. 29+680-29+720 MD da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago", de clave AC/03/036.01.1

Antecedentes de feito

Primeiro.- O obxecto do presente proxecto é definir as obras necesarias para a correcta adecuación do noiro existente na marxe dereita da Autovía do Barbanza entre o punto quilométrico 29+680 e o 29+720, no concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña); coa finalidade de dar cumprimento ao Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela, que obriga a evitar afeccións no noiro como consecuencia das augas de escorrenta das choivas. Para isto, executarase unha gabiá triangular partindo da cabeza do noiro de desmonte, que permita conducir as augas procedentes da parcela situada sobre o noiro, sen que se produza erosión sobre este.

Segundo.- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 45 do 4 de marzo de 2024, publicouse o Anuncio do 23 de febreiro de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de adecuación do noiro punto quilométrico 29+680-29+720 marxe dereita da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago, de clave AC/03/036.01.1, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Terceiro.- Non se formularon alegacións particulares ao anteproxecto no trámite de información pública, mais recibíronse informes das administracións afectadas aos que se lles da resposta motivada segundo consta no expediente.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG num. 179, do 20 de setembro).

Segundo.- Someteuse ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no DOG, aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa.



De acordo con todo o exposto, e tras os informes e os certificados presentados,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública: "Adecuación do noiro p.q. 29+680-29+720 MD da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago", de clave AC/03/036.01.1.

Segundo.- Aprobar o proxecto de construción: "Adecuación do noiro p.q. 29+680-29+720 MD da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago", de clave AC/03/036.01.1, sen modificacións respecto da solución sometida a información pública.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Por delegación,
(Orde do 07/09/2017, DOG 20/09/2017)

O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias

